

O socialista Iago Fariñas propón ao concello a organización de charlas informativas sobre a concentración parcelaria nas distintas parroquias

29, Setembro 2016 Cope Carballiño    



O Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de O Irixo, Iago Fariñas Valiña, presentou unha moción para que a institución municipal promova charlas informativas obre os proxectos de concentración parcelaria, charlas informativas que se organizarían nas distintas parroquias do municipio.


Expón o concelleiro que no Concello de O Irixo "existe unha maioritaria fragmentación da propiedade da terra que entendemos dificulta o crecemento das explotacións agrarias, a utilización da maquinaria, un correcto aproveitamento da terra e en definitiva que a maioría da terra esté en estado de abandono e sen probabilidade de aproveitamento e explotación o que podería dificultar o desenrolo e progreso do propio Concello de O Irixo. Recorda Iago Fariñas como a Xunta de Galicia, dende a Consellería de Medio Rural, pretende cos procesos de concentración parcelaria conseguir unha ordenación da superficie agraria que permita un uso adaptado ás necesidades agrícolas e forestais de cada zona consistente na "agrupación de diversas fincas rústicas de reducida extensión, para unificar e facilitar o cultivo".

Subliña que a concentración parcelaria xa se fixo na maior parte dos países europeos, nos que como no caso de Galicia, por motivos históricos, as parcelas fóronse dividindo por herdanzas provocando na súa maioría un fraccionamento excesivo das fincas rústicas, esta concentración posibilitou o crecemento, progreso e desenrolo de moitos concellos e lugares ó poder xerar riqueza das súas terras abandonadas. Tamén fai referencia o concelleiro socialista a como recentemente os veciños e veciñas da parroquia de San Cosme veñen de acordar e solicitar a Concentración parcelaria para a súa parroquia.


Esta solicitude, así como as reunións informativas previas, son iniciativa dos propios veciños e veciñas e dende o Concello de O Irixo débense apoiar sen lugar a dúbidas. Manifesta que "unha vez se tivo coñecemento por outros veciños e veciñas das iniciativas da parroquia de San Cosme, son moitos os veciños e veciñas ós cales lles gustaría recibir canto menos información do proceso de concentración parcelaria, algúns destes veciños e veciñas, os menos, aínda sendo doutras parroquias, acudiron as reunións informativas de San Cosme, pero deberíase informar deste proceso ó resto de parroquias".

Os Socialistas entenden que respetando sempre a vontade dos veciños e veciñas que serán os que ó final decidan que queren facer, se debe, dende o concello, organizar unha serie de reunións informativas por

RADIO EN DIRECTO



COPE CARBALLIÑO EN DIRECTO



ABRIR NUNHA NOVA FIESTRA



ENLACE DIRECTO

TEMPO

O Carballiño

Hoxe, Outubro 3, 2016
23:00-05:00



Parcialmente nuboso
13 °C

Mañá, Outubro 4, 2016
11:00-17:00



Parcialmente nuboso
15 °C

Outubro 5, 2016
11:00-17:00



Parcialmente nuboso
13 °C

O tempo na Cope Carballiño datos obtidos de yr.no

CURTAS

ROMARÍA DA SALETA EN ASTURESES, O LÚNS 19 DE SETEMBRO: MISAS DENDE AS 8,30 HORAS E SOLEMNE CON PROCESIÓN ÁS 13 HORAS. XANTAR CAMPESTRE AMENIZADO CON MÚSICAL TRADICIONAL, E VERBENA COA ORQUESTRA SOLARA E O GRUPO ORQUÍDEA.

14 DE SETEMBRO: LUDOTECA INFANTIL NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DO CARBALLIÑO DE 5 A 8 DA TARDE, CON TEATRO, KARAOKE, TOURO MECÁNICO, HINCHABLES, PLAYSTATION. AS 20:30 HORAS NO AUDITORIO, CONCERTO DA CORAL DE RUADA.

AS ORQUESTRAS "OLYMPUS" E "EL COMBO DOMINICANO", ACTUACIÓNS ESTELARES NAS FESTAS DE LOUREDO (MASIDE) OS DÍAS 24 E 25 DE AGOSTO.

FESTA DO CABALO DE MASIDE. O DOMINGO 21 DE AGOSTO NO PUZO DO LAGO, DENDE AS 10 DA MAÑÁ Á TARDIÑA, COMPETICIÓNS E CONCURSO HÍPICOS. XANTAR POPULAR CON EMPANADA,

parroquias con técnicos da Consellería de Medio Rural e algún profesional independente, sobre o proceso de concentración parcelaria, beneficios da mesma (que son moitos) e inconvinientes (que tamén existen) e que sexan os propios veciños e veciñas os que con toda a información poidan, se queren, solicitar que se inicie na súa parroquia o proceso.

PULPO E CHURRASCO, PAN, BEBIDA E CAFÉ POR 20 EUROS.

CONCERTOS DE VERÁN MASIDE 2016. O SÁBADO 20 DE AGOSTO ÁS 20:30 HORAS NA IGREXA DE MASIDE: ACTUARÁN A CORAL DE AGOLADA, POLÍFÓNICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA E CORAL A TORRE DE MASIDE.

A PARROQUIA DO LAGO CELEBRA AS FESTAS DE SAN LORENZO E A VIRXE DO CARMEN, OS DIAS 10 E 11 DE AGOSTO, AMENIZADAS POLA CHARANGA CASTRO BELLO, E AS ORQUESTRAS CHARLESTÓN BIG BAND, ÁNGEL AMÉRICA E ASSIA. NO CAMPO DA FESTA HABERÁ PULPO E CARNE O CALDEIRO

OS DIAS 5 E 6 DA AGOSTO CELEBRANSE AS FESTAS DE AS NEVES DE GRIXOA. CON MÚSICA DE CHARANGA, GAITEIROS, DISCO-MÓBIL E AS ORQUESTRAS MIRAMAR E PANORAMA. OS DOUS DIAS NO CAMPO DA FESTA PODERÁ DEGUSTARSE EMPANADA, POLBO E CARNE AO CALDEIRO.

CHEGA A O CARBALLIÑO O MUSICAL INFANTIL "A PATRULLA CANINA: CACHORROS EN ACCIÓN". LÚNS 25 DE XULLO ÁS 19:30 HORAS NO AUDITORIO MUNICIPAL.

SANTA UXÍA DE LOBÁS CELEBRA A FESTA ROMARÍA DA MADANELA. PROCESIÓN DE ANTORCHAS O DIA 21 ÁS 9 DA NOITIÑA, O DIA 22 MISAS E XANTAR DE ROMARÍA NA CARBALLEIRA DA MADANELA. VERBENAS EN COSTOIA CON ACIREMA, ISRAEL, ESTELARES, D' LÍDER E TREBOL.

FESTAS DE SAN BENITO EN MOLDES - BOBORÁS, OS DIAS 11 E 12 DE XULLO. AMENIZADAS COAS GRANDES ORQUESTRAS CHARLESTÓN, OLIMPUS E LA FÓRMULA. MISAS TODA A MAÑÁ NA IGREXA PARROQUIAL. NO CAMPO DA FESTA HABERÁ PULPO E COSTELA ASADA.

Desenrolado por coroa.es

